



## Concello de Moaña

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Desde o momento en que a OMS declarou a COVID-19 como pandemia, esta alcaldía estableceu unha serie de medidas (Decreto 2020/301 e Decreto 2020/306 do 13 de marzo) para a restrición de servizos municipais e para preservar a seguridade e saúde do persoal.

Con posterioridade, despois da declaración por parte da Xunta de Galicia do estado de alerta sanitaria e despois da declaración por parte do Goberno Español do estado de alarma (Real Decreto 463/2020) o luns 16 de marzo esta alcaldía estableceu medidas extraordinarias para a restrición da actividade do persoal municipal a través do Decreto 2020/310.

Transcorridos 28 días desde a aprobación deste último Decreto, cómpre revisar as medidas nel establecidas considerando a prolongación no tempo do estado de alarma -prorrogado en dúas ocasións- e a crecente necesidade de actuacións en vías e espazos municipais e edificios públicos.

Por todo isto, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local en concordancia co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia e o artigo 41.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía

### RESOLVE:

**Primeiro:** A adopción das seguintes medidas en relación co persoal municipal:

- 1.** O persoal municipal que está desenvolver o seu traballo na modalidade non presencial continuará a facelo como ata o momento, participando nas correspondentes quendas se se trata de áreas definidas como esenciais.
- 2.** O persoal municipal que realice funcións que non poidan ser desenvolvidas mediante a modalidade de traballo non presencial deberá incorporarse ao seu posto de traballo no seu horario habitual a partir do martes 14 de abril.
- 3.** O Concello poñerá a disposición do persoal os equipos de protección individual (EPI) necesarios para garantir a seguridade e preservar a saúde no desenvolvemento do seu traballo. Seguiranse en todo momento as indicacións das

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 3MQRQEDW3JESTR4Z2H22Q434K | Corrección: <https://concellodemoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Moaña

---

autoridades sanitarias.

**4.** O persoal poderá solicitar, dirixíndose á área de persoal, unha adaptación do seu horario por motivo de conciliación da vida familiar e laboral. Tamén poderá solicitar un permiso retribuído recuperable durante o tempo no que permanezan activas as actuais restricións.

**Segundo:** Dar traslado do presente decreto a todo o persoal municipal e aos grupos políticos da corporación e dar publicidade do mesmo a través da web municipal.

Moaña, 13 de abril de 2020

A alcaldesa  
Leticia Santos Paz

Vto. e P. A Secretaria  
Paula Piñeiro Camiña



(Documento asinado dixitalmente na marxe)

